



Guía Docente				
Datos Identificativos				2012/13
Asignatura (*)	Practicum	Código	661G01032	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Cuarto	Obrigatoria	24
Idioma	CastelánGalego			
Prerrequisitos	Ter superadas as Estancias Clínicas I, II, III, IV, V, VI, VII para poder cursar esta materia.			
Departamento				
Coordinación	García Fraguela, Berta	Correo electrónico	berta.garcia@udc.es	
Profesorado	Fraga Lamas, Ana Magdalena García Fraguela, Berta Rei Serra, Teresa Sanchez Álvarez, Carmen Mª	Correo electrónico	amfraga@udc.es berta.garcia@udc.es teresa.rei@udc.es carmen.sanchez@udc.es	
Web				
Descrición xeral	<p>O Practicum son estancias clínicas correspondentes o nivel III ou avanzado de intervención integradora e avanzada. Teñen como finalidade:</p> <p>A mobilización dos coñecementos e competencias que permitan o estudante reflexionar e executar as accións máis eficaces e apropiadas para o coidado de calidade ás persoas nun contexto determinado, incorporando os valores profesionais, o razoamento clínico, o xuízo crítico e a xestión clínica.</p>			

Competencias da titulación	
Código	Competencias da titulación

Resultados da aprendizaxe			
Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)	Competencias da titulación		
Obter e analizar os datos para determinar o estado de saúde das persoas e describir as súas capacidades e /ou problemas	A11	B2	C1
	A12	B5	C4
	A13	B6	
	A14	B7	
	A15	B9	
	A36	B10	
	A52		
	A61		
Priorizar os problemas detectados nas persoas; desenvolver e executar un plan de acción para diminuílos e/ou eliminalos e promover a súa saúde e independencia	A24	B2	C4
	A38	B3	
	A39	B9	
	A52	B10	
	A58		
	A61		



Avaliar de forma continuada e sistemática a efectividade do plan de cuidados en relación cos resultados previstos	A11 A12 A13 A14 A15 A25 A36 A38 A39 A61	B2 B3 B4 B5 B9 B10	C4 C8
Desenvolver accións conducentes á promoción da saúde, á prevención da enfermidade nos diferentes ámbitos da práctica	A16 A24 A25 A38 A39 A52 A61	B2 B3 B4 B5 B9 B10	C4
Proporcionar cuidados de enfermaría de forma sistematizada tendo en conta a situación de cada persoa, poñendo énfase na comunicación e información	A12 A13 A14 A24 A25 A39 A57 A61	B3 B4 B5 B6 B7 B9 B13 B14 B15 B16 B22 B24	C1 C4
Conseguir unha comunicación efectiva e establecer una relación terapéutica coas persoas, familias, grupos e comunidade	A12 A13 A14 A61	B4 B5 B7 B10 B14 B15 B16 B22 B24	C1 C4
Proporcionar unha atención integral e coordinada mediante o traballo en equipo	A24 A25 A27 A39 A61	B4 B5 B7 B15 B21 B22 B24	C1 C4



Garantir a continuidade dos coidados utilizando a comunicación formal e estruturada	A24	B2	C1
	A25	B3	C3
	A61	B4	C4
		B5	C6
	B6	C8	
	B7		
	B11		
	B19		
B21			
Incorporar á práctica profesional os principios éticos e legais que guían á profesión	A56	B6	C4
Dar una resposta profesional e de calidade ante as diferentes situacións da práctica	A23	B21	C4
Responder en situacións de emerxencia de xeito colaborativo co equipo multidisciplinar	A15	B2	C6
	A39	B5	
	A61	B9	
		B10	
		B13	

Contidos	
Temas	Subtemas
Prácticas clínicas tuteladas que se desenvolven en calquera dos ambitos da práctica de enfermaría.	Permiten ó estudante mobilizar e aplicar os coñecementos e competencias adquiridos para reflexionar e executar as accións máis eficaces e apropiadas para o coidado de calidade ás persoas nun contorno determinado, incorporando os valores profesionais, o razoamento clínico, o xuízo crítico e a xestión clínica.

Planificación			
Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Prácticas clínicas	480	0	480
Solución de problemas	5	45	50
Portafolios do alumno	0	12	12
Actividades iniciais	1	0	1
Seminario	6	45	51
Atención personalizada	6	0	6

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Prácticas clínicas	Práctica clínica de intervención integradora e avanzada que se desenvolve no ámbito hospitalario ou comunitario (segundo asignación) en quenda fixa ou rotatoria.
Solución de problemas	O profesor plantexará unha situación real na que o estudante deberá aportar ás súas solucións baseadas na evidencia científica e nos coñecementos adquiridos ó longo da titulación. Actividade presencial que será realizada en grupos pequenos.
Portafolios do alumno	Constará de tres partes: 1- Reflexión crítica sobre a aprendizaxe na unidade clínica onde se realiza o Practicum para amosar o coñecemento alcanzado da organización, persoal, recursos materiais e procedementos da mesma. 2- Autoavaliación do estudante mediante a cumprimentación dos items de coidado e técnica previamente facilitados polo profesor. 3- Diario Reflexivo de Práctica Clínica, onde o estudante fará un xuízo persoal da súa experiencia no Practicum, así como das expectativas que ten no exercizo da profesión enfermeira.



Actividades iniciais	Actividades que se levan a cabo antes de iniciar as prácticas clínicas. Realizarase unha sesión na aula na que se especificarán tódolos aspectos precisos para o correcto desenvolvemento da materia, así coma o sistema de avaliación.
Seminario	Durante este periodo práctico o estudante debe elaborar e entregar dous traballos baseados na súa práctica clínica, que serán posteriormente expostos e discutidos en dúas sesións de grupo reducido. A exposición realizarase de xeito oral con soporte audiovisual e tempo limitado. O primeiro traballo presentarase o término das primeiras 6 semanas e o segundo traballo na primeira semana de Maio.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Prácticas clínicas	O profesor adicará tempo á visita nas unidades de práctica clínica para facilitar a integración dos estudantes e solucionar os problemas que poidan xurdir no desenvolvemento diario do rotatorio.
Seminario	Durante este periodo de práctica clínica, o profesor adicará tempo a atención personalizada do estudante para seguimento, consultas e orientación necesarias en cada caso, tanto na práctica clínica como na elaboración dos traballos. O espazo de comunicación pode ser con titoría presencial e/ou de forma non presencial a través do correo electrónico, así como virtual a través da páxina web da asignatura.
Solución de problemas	A páxina web da asignatura servirá como vehículo de comunicación facilitador da transmisión de coñecemento, debate e/ou preguntas sobre temas de interese para a profesión enfermeira.
Portafolios do alumno	

Avaliación

Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Prácticas clínicas	A asistencia ás prácticas clínicas será obrigatoria. Realizarase unha avaliación continuada baseada na adquisición de competencias a través dos criterios ou indicadores establecidos.	50
Seminario	Nos seminarios practico-clínicos, presentaránse os traballos elaborados polo estudante ó longo do Practicum. A presentación será oral con apoio audiovisual e computará como un 40% da nota total da asignatura. Os criterios de avaliación son os seguintes: 1. Presentación e estrutura: ata 2 puntos. 2. Claridade na redacción: ata 2 puntos. 3. Capacidade de análise y síntese: ata 2 puntos. 4. Capacidade crítica e aportación persoal: ata 4 puntos.	40
Solución de problemas	A participación nas sesións de solución de problemas e obrigatoria, computa un 5% na nota final da asignatura. Terase en conta a participación do estudante e o seu dominio dos coñecementos adquiridos na Práctica Clínica.	5
Portafolios do alumno	A correcta cumprimentación do Portafolios do alumno e a súa entrega en tempo e forma e obrigatoria e computa un 5% na nota final da asignatura. Avaliarase: 1- A capacidade de síntese na avaliación da aprendizaxe na unidade clínica donde o alumno realizou o rotatorio. A claridade e corrección na redacción: ate 3 puntos 2- A correcta cumprimentación de todos os items de autoavaliación a capacidade autocrítica do estudante: ate 3 puntos 3- A redacción, presentación, e razoamento reflexivo do Diario de Prácticas, así como a valoración persoal do estudante do seu paso pola unidade clínica e as súas expectativas con respecto a profesión enfermeira: ate 4 puntos	5

Observacións avaliación



Dado que a asistencia ás prácticas clínicas é obrigatoria, as ausencias deberán xustificarse de acordo a normativa xeral do Centro relativa as Estancias Clínicas. Estas serán recuperadas ó remate dos rotatorios establecidos, e antes da data de peche das actas. As faltas non xustificadas serán valoradas segundo o especificado na normativa xeral do Centro.

As datas e os horarios nos que cada estudante realizará as prácticas clínicas publicaranse no taboleiro da Escola antes do inicio das mesmas.

A aplicación da cualificación correspondente realizaráse sempre que o estudante teña todas as probas (Prácticas Clínicas, Solución de Problemas, Seminarios e Portafolios) superadas de xeito independente.

Para aprobar a materia é preciso superar de xeito independente todas as probas (Prácticas Clínicas, Solución de Problemas, Seminarios e Portafolios). A non superación de unha das partes suporá a cualificación de SUSPENSO en acta. A cualificación numérica obterase establecendo un mínimo, segundo criterio do profesor, en cada unha das partes. A nota final da asignatura obterase aplicando o método de cálculo porcentual a cada unha das notas obtidas nas diferentes partes da asignatura.

O sistema de cualificacións exprésase mediante cualificación numérica de acordo co establecido no art. 5 do Real Decreto 1125/2003 de 5 de setembro (BOE 18 de setembro), polo que se establece o sistema europeo de créditos e o sistema de cualificacións nas titulacións universitarias de carácter oficial e con validez en todo o territorio nacional. Sistema de cualificacións: 0-4.9=Suspense 5-6.9=Aprobado 7-8.9=Notable 9-10=Sobresaliente 9-10 Matrícula de Honra (Graciable)

O feito de presentarse/realizar as prácticas clínicas e ser avaliado en calquera das probas implica figurar en acta como presentado coa cualificación correspondente.

Os aspectos e criterios xerais que se terán en consideración ó avaliar as actividades que o estudante ten que realizar (Prácticas Clínicas, Solución de Problemas, Seminarios e Portafolios) serán: asistencia, participación e compromiso individual/grupal, coherencia nos contenidos abordados, coñecementos demostrados na actividade práctico-clínica, na solución de problemas e no Portafolio do alumno; así como as competencias adquiridas para esta materia.

As probas superadas na convocatoria de maio-xuño conservarán a súa cualificación para a convocatoria de xullo, pero será preciso a superación de todas as probas para acadar unha cualificación positiva definitiva



Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none">- NANDA Internacional (2010). Diagnósticos Enfermeros: Definiciones y Clasificación 2009-2011. ed. Elsevier. Madrid- Bardají Fandos, T. (2008). El diario reflexivo como herramienta de autoaprendizaje en la formación de enfermería. Revista Nursing Agosto-2008.vol 26(7):52-58- Johnson M, Marion et alter (2009). Interrelaciones NANDA, Noc, Nic. Diagnósticos enfermeros, resultados e intervenciones. ed. Elsevier. Madrid- Luis MT. (2008). Los diagnósticos enfermeros. Revisión crítica y Guía práctica . ed. Doyma. Barcelona- NANDA Internacional 2011 (2011). Razonamiento Crítico para alcanzar resultados de salud positivos?. ed. Elsevier-Masson. Madrid
Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none">- Kübler-Ross E. (1993). Sobre la muerte y los moribundos. ed. Grijalbo. Barcelona

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Proxecto fin de grao/661G01033

Materias que continúan o temario

Psicoloxía/661G01003

Coidados Básicos en Enfermaría/661G01006

Fundamentos da Enfermaría/661G01007

Nutrición/661G01009

Farmacoloxía/661G01011

Enfermaría da Saúde Mental/661G01015

Ética profesional, marco legal e filosofía do coidado/661G01016

Enfermaría clínica III/661G01017

Enfermaría materno-infantil/661G01018

Enfermaría Comunitaria II/661G01019

Enfermaría Xerontolóxica/661G01020

Xestión dos servizos da Enfermaría/661G01021

Enfermaría Clínica I/661G01034

Enfermaría Clínica II/661G01035

Observacións

Os estudantes deben ter superadas as Estancias Clínicas: I,II,III,IV,V,VI,VII.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías